



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 131

IV lexislatura

7 de outubro de 1994

SUMARIO

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS

1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO

—Reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia.

3.050

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS

1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO

Reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada. o día 4 de outubro de 1994 e coa maioría absoluta establecida na disposición derradeira segunda do Regulamento, prestou a súa aprobación á modificación dos artigos 52.2, 69.2ª e 70 do vixente Regulamento en base ó Dictame aprobado pola Comisión do Regulamento sobre a Proposición de lei de reforma urxente e parcial do Regulamento do Parlamento de Galicia, a iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (docs. núms. 1.825 e 1.840).

Na súa virtude e en cumprimento do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento, e para xeral coñecemento, publíbase o texto aprobado.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Exposición de motivos

A Constitución española, no seu artigo 76, recolle a posibilidade de que o Congreso dos Deputados e o Senado, ou ámbalas cámaras conxuntamente, nomeen comisións de investigación. O noso Regulamento, vixente desde 1983, aborda tamén esta materia no seu artigo 70. As sesións e os traballos destas comisións, por imperativo regulamentario, teñen carácter secreto, o que impide a asistencia dos representantes dos medios de comunicación social, en contra do previsto para o funcionamento das demais comisións.

A experiencia mostra que o aludido carácter secreto destas comisións é un atranco cara ó seu correcto funcionamento e non responde á demanda social de transparencia, obxectividade e publicidade, esixida pola sociedade actual.

O obxectivo desta proposición de lei é o de profundar no principio de que o carácter secreto das comisións de investigación debe ser unha excepción. Se fose merecente de aprobación, por congruencia e funcionalidade, debería estenderse a publicidade ás sesións do pleno nas que se debatesen dictames e conclusións formulados polas comisións de investigación, suprimindo o inciso final do artigo 69.2ª do Regulamento.

Artigo único

Os artigos 52.2, 69.2ª e 70 do Regulamento quedan redactados do seguinte xeito:

Artigo 52.2

2.- As comisións de investigación elaborarán un plan de traballo e poderán nomear ponencias no seu seo e requirir-la presenza, por conducto da Presidencia do Parlamento de Galicia, de calquera persoa para ser oída. Os extremos sobre os que deba informa-la persoa requirida deberán serlle comunicados cunha antelación mínima de cinco días. Os comparecentes serán advertidos dos seus dereitos así como da posibilidade de acudir asistidos de letrado.

Artigo 69. 2ª

Cando se debatan propostas, dictames, informes ou conclusións elaborados no seo da Comisión do Estatuto dos Deputados.

Artigo 70

1.- As sesións das comisións son a porta pechada, mais poderán asisti-los representantes dos medios de comunicación social debidamente acreditados.

2.- As sesións das comisións serán secretas cando o acorden por maioría absoluta dos seus membros, por iniciativa da súa respectiva Mesa, da Xunta, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos seus compoñentes.

3.- Serán secretas, en todo caso, as sesións e os traballos da Comisión do Estatuto dos Deputados.

4.- As sesións das comisións de investigación axustaranse ó previsto no apartado 1 deste artigo, coas seguintes excepcións:

a) Serán secretas as reunións das ponencias que se creen no seo da Comisión.

b) Serán igualmente secretas as comparecencias que versen sobre materias que fosen declaradas reservadas ou secretas conforme a lexislación vixente e as que traten sobre asuntos que coincidan con actuacións xudiciais que fosen declaradas secretas.

c) Tamén serán secretos os datos, informes ou documentos facilitados a estas comisións para o cumprimento dos seus fins cando o dispoña unha lei ou cando motivadamente o acorde a propia Comisión.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez